



**DO PRAGER E DA MORTE**





## A FERROZ

En 2017, coa certeza de estar a conformar un proxecto transformador e con moito futuro, iniciamos andaina cun equipo heteroxéneo que partillabamos a ansia de levar ao palco as nosas inquedanzas máis fondas.

Sempre o dicimos (e mostrámolo tamén no traballo): actuamos por amor. Amor pola verdade, polos proxectos honestos, por contar dende as tripas o que nos sucede, pola mestura das artes, de disciplinas, de ciencias, de corpos e de miradas. Amor á posibilidade infinita de chegar a ser todo o que se pode ser a través da arte.

Afeitadas a traballar a partir das nosas propias preocupacións e inquedanzas transformadas en material escénico, en 2018 estreamos AFTERPARTY, un espectáculo cualificado pola crítica como un “retrato xeracional” no que expoñemos a nosa posición a respecto dese futuro que se prometía hai décadas e que agora, cando xa é presente, se manifesta claramente moi distinto do que se supoñía.

En 2019 erguemos Santa Inés, un monólogo intenso e estarrecedor arredor da situación das mulleres no seo do cristianismo. Estes dous traballos dan boa conta da nosa intención como compañía de abordar temas universais e particulares sen fuxir da fondura e o risco, mais mantendo en todo momento a pegada crítica e algo retranqueira que xa é marca da casa.

Lanzámonos agora, feroces, ao noso terceiro traballo Do pracer e da morte que toma como liña de partida unha frase do texto de AFTERPARTY: “O pracer e a morte teñen en común o abandono” e no que abordamos un labor rigoroso erguido en dous conceptos que consideramos ligados pola ansia: a vontade de pracer e a constante ameaza da morte.







## DO PRACER E DA MORTE


Nesta peza con tinturas oníricas e mesmo surrealistas por momentos entretécense as actrices e actores coas súas circunstancias, Boccaccio e a súa crónica da Peste Negra no Decamerón ou El Bosco e as súas delicias inclasificables. Tres planos que se superpoñen por momentos e noutros se afastan para proxectar as súas propias luces sobre a necesidade de saciar as angueiras, os límites do que nos define como criaturas humanas e o temor á propia caducidade. Todo isto sen renunciar á música, á poesía e ao humor retranqueiro que define o ton do traballo d'A Feroz.

A obediencia, a autoridade, a curiosidade, a subaltemidade, o medo á extinción, a urxencia do desexo, a incerteza e a praga... todos estes elementos compoñen un fresco dunha humanidade que quizais non mudou moito nos derradeiros sete séculos.

En definitiva: Do pracer e da morte é unha danza da morte medieval no aparcadoiro do Carrefour un sábado pola tarde.



*"A ampliación ao microscopio dunha colonia de Yersinia Pestis ten pinta dunha cunca de fabas, máis ou menos. Manda truco, non? Unha cousa así tan minúscula, que sobrevive entre as ratas negras e dá un chimpo a nós dacabalo dunha pulga, na Florencia de 1348 foi quen de dar conta de máis de cen mil persoas en apenas catro meses".*







A close-up photograph of a hand holding a string of pearls. The hand is positioned in the upper left quadrant, with fingers gently gripping the chain. The pearls are white and round, strung on a thin metal chain. The background is dark and out of focus, with some warm-toned fabric visible in the upper right. The overall mood is elegant and artistic.

## FIGHA ARTÍSTICA

ELENCO / Inés Salvado, Diego Salgado, Gustavo Freire e Bea Romero

TEXTO, DRAMATURXIA E DIRECCIÓN ARTÍSTICA / Lorena Conde

DIRECCIÓN DE ESCENA / Borja Fernández

VESTIARIO / A Feroz e Montse Piñeiro

ESPAZO SONORO / Manuel Abraldes

ESCENOGRAFÍA E UTILERÍA / Montse Piñeiro e Jose Faro

ILUMINACIÓN / Montse Piñeiro e Jose Faro

FOTOGRAFÍA / Lucía Estévez e Montse Piñeiro


VIDEO / Mika Audiovisual

PRODUCCIÓN / Manuel Antonio Castro

DISTRIBUCIÓN / O Cesto Cultural e A Feroz

[aferoz.gal](http://aferoz.gal)







A música que Manuel Abraides compuxo para  
Do prazer e da morte pódese escoitar aquí:





AGADIC



Axencia Galega das  
Industrias Culturais



Xacobeo 21-22



XUNTA DE GALICIA